



**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións

Colexio de San Xerome  
Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela, España  
Tel. (981) 58 24 99 • Fax (981) 57 74 18

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
REGISTRO XERAL  
24. FEB 97 01102  
SAIDA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
REGISTRO XERAL  
24. FEB 97 01102  
SAIDA

En relación co o seu escrito no que solicita aclaración sobre o acceso os segundos ciclos das licenciaturas impartidas na Facultade de Filoloxía, infórmolle:

1º.- A norma 63 do Acordo da Xunta de Goberno de 3 de xuño de 1996 establece que *"O recoñecemento que as diferentes ordes ministeriais realizan verbo do acceso a determinadas titulacións de segundo ciclo ou a segundos ciclos de titulacións de primeiro e segundo ciclo é, tanto para titulacións realizadas polos planos de estudos renovados como para as realizadas por planos anteriores, extintos ou non..."*

Polo exposto é preciso concluir que o primeiro ciclo dun plano vello é equivalente ó primeiro ciclo dun plano novo e, en consecuencia, título suficiente para o acceso ó 2º ciclo de calquera outra filoloxía sen prexuízo dos complementos de formación establecidos para cada unha delas.

2º.- O exposto para os primeiros ciclos dos planes vellos das licenciaturas en filoloxía non é aplicable ós alumnos que teñan superado o curso de adaptación. A superación do curso de adaptación, se ben permitía o acceso ós segundos ciclos dos planos vellos, non pode considerarse equivalente ó propio primeiro ciclo da licenciatura. O exposto neste apartado, recóllese na Resolución Rectoral do 20 de xullo de 1995 (rex. de saída 4002 do 24 de xullo de 1995).

Polo tanto, os alumnos, licenciados ou non, que cursaran calquera licenciatura en filoloxía ingresando a través do curso de adaptación non poderán acceder directamente ó segundo ciclo de ningunha outra filoloxía. O que sí poderían é, a través do procedemento de validación, acceder ó primeiro ciclo.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 1997  
O VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA  
E TITULACIÓNS,



*Celso Rodríguez Fernández*

Celso Rodríguez Fernández

SR. VICEDECANO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA  
CAMPUS NORTE